

UNHA REESTRUTURACIÓN MÁIS

"O CTNC NON É ESTRATÉXICO, SÓ E IMPORTANTE" Esto foi o que nos dixo a empresa cando plantexou levarse a dous técnicos de Espiño para Montiño a Creación de Rede. Como había peticións de cámbreo de acoplamento e así llo fixo constar a RR.TT, tivo que concedelos co que os dous técnicos de Espiño van para o CNAI.

Detrás das últimas decisións da empresa semella que atopamos sempre os mesmos condicionantes: ERE e Productividade (Dixit Óptima), pode verse na pretensión da empresa de trasladar os operadores auxiliares e encargados de Redes e Servicos dende a súa localidade de residencia cara A Coruña, e pode observarse tamén na redución de quendas en O+M.

Segundo a nosa opinión de novo se aprecian estes factores na Reestruturación Organizativa que alega a empresa para suprimir dous Técnicos Medios no CTNC indicando que os precisa en Creación de Rede, despois de dar curso a cambios de acoplamento dende o CNAI a Creación de Rede cubre as vacantes con Técnicos do CTNC cunha nova merma de persoal neste departamento.

Convén lembrar que a día de hoxe a actividade que desenvolven os Técnicos no CTNC está desbordando cara os OTPI existindo un claro solapamento nas funcións das dúas categorías, a pesar de que Óptima di que a produtividade do grupo de Técnicos é moi baixa (consecuencia da maneira de medila que daría para unha tese) na práctica está desbordando por non poder ser asumida na súa totalidade polo grupo de Técnicos.

Como indicábamnos por unha banda está o tema da produtividade que se mide en parámetros de cantidade sen ter en conta a calidade, e por outro lado as consecuencias do ERE pois a destrución constante de emprego obriga a tratar de facer a mesma e incluso máis actividade con moito menos persoal. Dende a CIG vemos moi positivo que se incremente a actividade, tamén en Creación de Rede, pero eso debería facerse vía traslados pois existen peticións para A Coruña que poderían cubrir estas necesidades.

Desde CIG queremos recordar que OPTIMA non é normativa, non está negociado coa RR.TT. e polo tanto non pode ser utilizado pola empresa para modificar unilateralmente as relacións laborais. Así o debemos defender todos e todas cada día se non queremos ver como se nos recortan dereitos.

A Coruña 23 de Xullo de 2007
